



INTRODUCCIÓN

O Plan Estratéxico de Arquitectos sen Fronteiras (OE4) contempla o dereito ao hábitat (DH), entendido nun sentido amplo, como a base da estratexia das súas actividades. Neste marco, e co apoio da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, estase a executar en consorcio coa Universidade da Coruña (UDC) o proxecto DHabitat, *"de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa"*.

O proxecto ten como obxectivo sensibilizar e formar sobre o Dereito ao Hábitat na ensinanza secundaria e universitaria de Galicia, como resposta a constatación de numerosas carencias formativas e de sensibilización no eido da habitabilidade neste ámbito educativo. Así, a formulación do devandito proxecto se estrutura a partir de 3 liñas ao redor dos cales xiran diversas actividades:

- Que a comunidade universitaria da Universidade de A Coruña coñeza as problemáticas do hábitat e adquiera formación básica precisa en materia de habitabilidade, para o cal se están a organizar diversas exposicións vinculadas aos días do hábitat 2013 e 2014, un curso en liña de carácter introdutorio, un ciclo de relatorios complementario –que a continuación se desenvolve–, a catalogación e clasificación da bibliografía relacionada localizada na UDC e en ASF e a realización obradoiro experimental de verán.
- O inicio da creación dunha rede internacional de centros universitarios para o intercambio de experiencias entorno ao dereito ao hábitat en diferentes contextos, a través da creación dunha plataforma web e da realización de mesas redondas norte-sur.
- Que a comunidade educativa de secundaria da área metropolitana da cidade de A Coruña estea informada e sensibilizada sobre as diferentes realidades e problemáticas entorno ao hábitat e coñeza os dereitos das persoas a vivenda e a cidade a partir da ampliación dos contidos didácticos curriculares da materia de "Educación para a cidadanía".

Compre sinalar que a presente proposta supón o inicio da adopción, por parte da Universidade de A Coruña, e en particular por un grupo de profesores e profesoras da Escola Técnica Superior de Arquitectura, dun compromiso social e técnico imprescindible para ampliar o seu perfil formativo e cubrir as carencias detectadas, de xeito que poidan dotar de ferramentas básicas aos futuros profesionais do hábitat para facer fronte ás diferentes problemáticas dende un enfoque social e de dereitos.

En definitiva, significa recoñecer as carencias e insuficiencias das teorías económicas e sociais que serviron de sustento e orientación aos procesos de desenvolvemento ata o día de hoxe. Significa apostar por un desenvolvemento a escala humana, referido ás persoas e non aos obxectos.

OBXECTIVOS

O ciclo de relatorios desenvolvido no presente documento participa do resultado formativo e de sensibilización en materia de habitabilidade da comunidade universitaria da UDC formulado dentro do proxecto DHabitat, para o cal adopta un papel de complementariedade dos contidos do curso en liña realizado de xeito paralelo, a través do desenvolvemento teórico de certos conceptos ou mesmo da exposición de experiencias concretas.

Porén, non perde a súa identidade e independencia, e nesta a súa segunda edición, mantén algúns dos seus obxectivos específicos:

- Fomentar e visibilizar a transdisciplinariedade no traballo en torno ao hábitat como ferramenta básica para incorporarse ou desenvolver a estratexias orientadas a xerar un cambio social en favor dunhas condicións de vida máis equitativas e humanas.
- Mellorar as capacidades e habilidades dos profesionais no enfoque das necesidades humanas en procesos de desenvolvemento compartidos e coordinados entre diferentes actores.
- Aportar miradas complementarias sobre as temáticas tratadas a partires de persoas de recoñecida traxectoria y experiencia.
- Incrementar a relación e colaboración entre Arquitectos sen Fronteiras, a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e outros departamentos e facultades da Universidade da Coruña e da Universidade de Santiago de Compostela, así como con outras institucións e asociacións que poidan traballar neste mesmo eido, contribuíndo a tecer unha rede de contactos e colaboracións entre as mesmas.

PROGRAMA

No seu conxunto, o programa baséase na construción do hábitat dende unha perspectiva humana da escala micro coa escala macro, dos seres humanos coa natureza e a tecnoloxía, do individual co social, da autonomía coa planificación e da sociedade civil co Estado, proxectando sempre un dobre enfoque:

1. ENTENDER AO SER HUMANO nas súas distintas escalas sociais: as súas capacidades, as potencialidades que ten, a maneira de satisfacer as súas necesidades fundamentais relacionadas co hábitat, as ferramentas para participar na construción dese hábitat entre outros.
2. ENTENDER O HÁBITAT nas súas distintas escalas espaciais sempre en relación co ser humano coma un satisfactor das necesidades fundamentais e un instrumento de transformación social.

Especificamente, o seminario replica a estrutura en 5 módulos do curso en liña*, conformando así 5 sesións compostas de 2 relatorios de aproximadamente 1,5h cada un, incluíndo unha pequena quenda de rogos e preguntas. Trátase de que constitúan un espazo periódico de reflexión, debate e intercambio entre os asistentes, os alumnos, os organizadores e os diferentes relatores e relatoras en cada unha de elas.

SESIÓN 1 - Xoves, 3 de Abril de 2014 – 16:30h [3h]

DEREITO AO HÁBITAT E Á CIDADE

Ana Filgueira + Vanesa Valiño (Observatori DESC)

Perspectiva complexa do hábitat; dimensións e a evolución conceptual. O dereito á cidade. Aproximación aos asentamentos humanos e á súa precariedade. Degradación da cidade existente e recoñecemento de procesos.

SESIÓN 2 - Xoves, 30 de Abril de 2014 – 16:30h [3h]

HABILIDADE BÁSICA

Carlos González Lobo + María Eugenia Hurtado + Felipe Colavidas

Os retos da pobreza humana. A habitabilidade básica como dereito e como reto. Políticas e prácticas do sector "informal" de vivendas evolutivas e de asentamientos.

SESIÓN 3 - Xoves, 29 de Maio de 2014 – 16:30h [3h]

XESTIÓN SOCIAL DO HÁBITAT

Sostre Civic* + Hiria Kolektiboa

Conceptos e actores na xestión social do hábitat. Políticas, modelos e experiencias. Dereito á vivenda e políticas relacionadas.

SESIÓN 4 - Xoves, 26 de Xuño de 2014 – 16:30h [3h]

INTERVENCIÓN SOCIAL

Raons Públiques + Carlos Verdaguer

Modelos, retos e principios básicos da intervención social. Metodoloxías e experiencias de procesos participativos.

SESIÓN 5 - Xoves, 17 de Xullo de 2014 – 16:30h [3h]

TECNOLOXÍAS APROPIADAS

Alejandro Fernández Palicio + Enxeñería sen Fronteiras

Definición e características das tecnoloxías apropiadas. Planificación urbana para un desenvolvemento sustentable. Arquitecturas vernáculos e patrimonio histórico. Sistemas tradicionais de construción. Sistemas de auga, saneamento e enerxía. Tecnoloxías para o desenvolvemento. Tecnoloxías para a urxencia.

*Axúntase o índice de contidos do curso en liña, para un maior detalle dos bloques temáticos que constitúen cada unha das sesións.

